

O QUE PASABA NO 2001

NO MUNDO:



O 11 de setembro estrélanse dous avións contra as torres xemelgas de Nova York causando o seu derrubamento.

O 7 de outubro EEUU, con o apoio de Reino Unido, Canadá, Australia, Alemaña e Francia, e apoio interno da opositora Alianza do Norte, comeza a acción militar de castigo contra o réxime talibán de Afganistán, que refuxia e protexe a Osama bin Laden tralo ataque terrorista do 11S.

Un petardo provoca un estoupido que causa máis de 289 mortos en Lima.

As protestas obrigan ao Goberno arxentino a presentar a dimisión.



EN GALICIA:



O Partido Popular gaña por cuarta vez as eleccións e Fraga é nomeado de novo presidente da Xunta.

O Goberno central aproba o que se ten chamado "O Decretazo".

A serie de TVG "Mareas vivas" convértese nun éxito de público.

O día das letras é adicado a Eladio Rodríguez.

Derrúbase o centenario Asilo de Anciáns de Adelaida Muro en A Coruña.



EN ESPAÑA:




A crise de Sintel, con 1500 traballadores en folga, acampa no Paseo da Castellana de Madrid.

Escándalo de Gescartera coa desaparición de 18.000 millóns de pesetas dos seus clientes. O Secretario de Estado de Facenda, Enrique Gimenez Reyna dimite.

A Lei Orgánica de Universidades, de 20 decembro de 2001, alcanzou un rexeitamento social e político descoñecido ata agora no Goberno de Aznar.

EN ELVIÑA:



Curso 2001-02

Un grupo de alumnos participou na Semana Branca de Andorra. Por primeira vez dous cursos -4º da ESO e 1º de bacharelato- realizaron a viaxe "fin de curso" xuntos. Nesta ocasión a Salou, Barcelona e Palma de Mallorca.

No "Día do medio ambiente" realizouse un circuío da natureza interpretando especies de árbores e paxaros no xardín "ponte da pedra".

Participación no Correlingua, desde a Torre de Hércules ata os Xardíns de Méndez Núñez, polos alumnos de 1º e 3º de ESO.

O grupo Sardiña estreou "El sorteo de Casina".

No Certame "Candilejas Don Bosco" obtivo o primeiro premio de interpretación o alumno Gustavo Martín Martín. Segundo premio xuvenil ao grupo Sardiña.

Publícase o 5º anuario da revista Xiada

"Ultima Lectio" co tema "Educación multicultural en los medios de comunicación" por D. J. José Bueno Aguiar.

